



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

### MEMORIA DA ALCALDIA

#### Asunto: Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT)

Expediente: 2024/E004/000001

O Concello de Vedra ten unha Relación de Postos de Traballo (RPT) aprobada polo Pleno da corporación en sesión celebrada o 25 de outubro de 2017 (BOP núm. 18 do 25.01.2018) que ata o momento non foi obxecto de ningunha modificación.

A modificación da RPT que agora se propón enmárcase na natureza flexible, revisable e dinámica da mesma e amparada na potestade de autoorganización recoñecida e atribuída ás entidades locais en virtude do artigo 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), que implica, tal e como ten sinalado unha consolidada xurisprudencia do Tribunal Constitucional e do Tribunal Supremo, a potestade para estruturar a súa organización do xeito que considere mais axeitado para a súa actividade ordinaria e prestación dos seus servizos.

Considerase prioritario por esta alcaldía así como polo equipo de goberno municipal proceder a unha modificación da RPT co obxectivo de conseguir a máxima eficiencia na asignación dos seus recursos humanos que redunde nunha maior calidade na prestación dos servizos mediante a súa adecuación ás necesidades reais e futuras inmediatas, que se traduce na amortización de postos existentes e a creación de novos postos, así como a adecuación da súa estrutura ás variacións producidas como consecuencia dos procesos de estabilización realizados neste Concello en cumprimento do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312/21, do 29 de decembro)

1. Creación de postos como persoal laboral fixo derivados do proceso de estabilización (Oferta extraordinaria de emprego público 2022 BOP núm. 239 do 20.12.2022)

Código laboral temporal RPT 2017	Denominación do Posto	Código laboral fixo RPT 2024
1008	Axente de emprego e desenvolvemento Local	1002B
2002	Arquitecto/a técnico/a	2002
4005	Educador/a familiar	4004
3004	Coordinador/a de cultura	3004
3003	Axente de turismo e medio ambiente	1005B
4004	Monitor /a Ludoteca (2 postos)	4006
6001	Encargado/a de protección civil, mantemento de espazos naturais e outros	6001
4007	Limpador/a	1009
5006C	Conserxe e servizos múltiples	5008C
5006A	Operario/a de brigada verde e servizos varios	5008A
5005	Operario/a RSU	5008
5006B	Operario/a servizos varios	5008B



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

5004	Condutor/a operario/a de maquinaria e servizos	5007B
5007	Albanel oficial 2ª	5007C

### 2. Amortización dos seguintes postos de persoal funcionario e laboral fixo

Código RPT 2017	Denominación do Posto	Clase
2001	Arquitecto/a técnico/a	Funcionario/a
3005	Auxiliar administrativo	Funcionario/a
4003A	Auxiliar administrativo	Funcionario/a
100A	Administrativo	Funcionario/a
1003	Xefe/a negociado contabilidade e tesouraría	Funcionario/a
1006	Conserxe e oficios	Laboral fixo

### 3. Eliminación de postos de persoal laboral temporal

Código RPT 2017	Denominación do Posto	Nº Postos RPT 2017	Nº Postos eliminados	Nº Postos RPT 2024
4002	Técnico animación sociocultural	1	1	0
5008	Operario/a servizos varios (centro social)	1	1	0
4007	Limpador/a	3	2	1

### 4. Traslado de postos a outra área

Código RPT 2017	Denominación do Posto	Area/Servizo RPT 2017	Código RPT 2024	Area/Servizo RPT 2024
4007	Limpador/a	Servizos sociais	1009	Servizos xerais
3003	Administrativo	Cultura	1005B	Servizos xerais

### 5. Adaptación de postos de persoal laboral fixo para funcionarización

Código RPT 2017	Denominación do Posto	Código RPT 2024
1008	Axente de emprego e desenvolvemento Local	1002B
1007	Técnico/a Local de emprego e servizos	1002A
2002	Arquitecto/a técnico/a	2002

### 6. Modificación de postos para promoción interna

Código RPT 2017	Denominación do Posto	Código RPT 2024	Clase
1001	Técnico/a de administración xeral	1001	Funcionario/a
1002	Técnico/a de xestión	1002	Funcionario/a
1005	Administrativo	1005	Funcionario/a
3003	Administrativo	1005B	Laboral fixo
4003	Administrativo	4005	Funcionario/a

### 7. Creación de novos postos

Código RPT 2024	Denominación do Posto	Clase	Area/Servizo RPT 2024
1004A	Administrativo/a informático/a	Funcionario/a	Servizos xerais



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

1005A	Administrativo/a	Funcionario/a	Servizos xerais
-------	------------------	---------------	-----------------

### 8. Revisión das valoracións dos postos

As modificacións anteriormente descritas así como as novas e maiores esixencias de capacidades e funcións a realizar polo persoal municipal para a correcta prestación dos servizos conleva inevitablemente a necesidade de realizar unha nova valoración dos postos, considerando especialmente o tempo transcorrido desde a aprobación da última RPT e todos os cambios impostos ao Concello, especialmente a causa da implantación da administración electrónica e da aprobación dunha inxente cantidade de normativa que ven afectando a todo o persoal na prestación dos servizos municipais.

O estudo da valoración dos postos de traballo e elaboración da correspondente RPT modificada foi encargada a empresa J&L TUDO CONSULTING S.L.

A valoración económica dos postos inclúe o incremento fixo do 2% aprobado para o ano 2024.

### 9. Efectos económicos da modificación da relación de postos de traballo

De conformidade co disposto no artigo 38.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, os orzamentos reflectirán os créditos correspondentes ás relacións de postos de traballo.

Os efectos económicos da modificación da relación de postos de traballo que se propón terán lugar dende o 1 de xaneiro de 2025, excepto os asociados ao subgrupo dos postos de promoción interna, que terán efectos dende o momento en que os/as empregados/as sexan nomeados tras a ter superado o proceso de promoción interna correspondente. Non obstante, as valoracións económicas reflectidas na presente proposta de modificación da RPT serán obxecto, no seu caso, do incremento do 0,5% adicional do ano 2024 de conformidade co disposto na Resolución de 14 de novembro de 2022, de la Secretaría de Estado de Función Pública, por la que se publica el «Acordo Marco para una Administración del siglo XXI». (BOE núm. 276 do 17.11.2022) que dispón que *“Adicionalmente a la subida fija del año 2024, si la suma de la variación del IPCA de los años 2022, 2023 y 2024 superara el incremento retributivo fijo acumulado de 2022, 2023 y 2024 establecido en los párrafos anteriores, se aplicará un incremento retributivo adicional y consolidable del 0,5%. Este incremento adicional tendría efectos de 1 de enero de 2024”*

En consecuencia, o orzamento do Concello de Vedra que se elabore para o ano 2025 contemplará os créditos necesarios para dar cobertura aos efectos económicos derivados da aprobación definitiva da relación de postos de traballo.

Vedra, asinado na data que figura na marxe. O alcalde, Carlos Martínez Carrillo